

CONDICIONES DE TRABAJO TRANSPARENTES Y PREVISIBLES. DESAFÍOS PARA EL DERECHO ESPAÑOL EN LA TRANSPOSICIÓN DE LA DIRECTIVA (UE) 2019/1152

Autor: Miranda Boto, José María (2023)
Editorial: Tirant lo Blanch, 319 págs.

Creo que non erro se digo que ao Prof. Miranda Boto, autor da obra que procedo a comentar, reputado especialista en Dereito social da Unión Europea e grandísimo melómano (nesta orde ou na contraria), non lle importará que compare a transposición dunha Directiva comunitaria aos dereitos nacionais coa forma musical da variación ou variacións. En efecto, se asumimos que a variación (variacións) é unha composición caracterizada por conter un tema que se imita noutros subtemas que gardan un mesmo patrón harmónico co tema orixinal; entón a transposición dunha Directiva en cada dereito nacional sería unha variación, xa sexa na melodía, no ritmo, na harmonía, no contrapunto, no timbre, na orquestración ou, mesmo, nunha combinación dalgúns dos anteriores con respecto ao “tema orixinal”.

Por esta razón, o lexislador nacional -en forma de músico- ten un papel transcendental non só á hora de determinar a necesidade de traspoñer ou non unha directiva, senón tamén á de establecer que forma da norma ou acto interno é o máis apropiado para garantir o “efecto útil” da directiva a traspoñer, así como -entre outras- a incorporación das directivas á norma interna de modo completo. Iso significa que o lexislador debe seleccionar que elementos da súa normativa interna debe alterar para acomodalos ás

obrigacións adquiridas coa Unión Europea. As tarefas apenas mencionadas precisan –como ben sinala o Prof. Miranda Boto– dunha boa técnica lexislativa –máis aló de toda ideoloxía– para afrontar, xa non só a acomodación da Directiva 2019/1152, sobre condicións de traballo transparentes e previsibles ao noso dereito interno, senón para abordar os desafíos presentes e futuros das futuras reformas laborais que se impulsen dende a Unión Europea. Esta boa ou, máis ben, magnífica e brillante técnica lexislativa é a que exhibe o Prof. Miranda Boto na obra que agora se prologa, titulada *Condiciones de trabajo transparentes y previsibles. Desafíos para el derecho español en la transposición de la Directiva (UE) 2019/1152* (Tirant lo Blanch, 2023), onde a partir do tema principal (ou do aria se se tratase das Variacións Goldberg) desentraña en seis dos oito capítulos nos que a monografía se divide, as opcións que pode manexar o lexislador español para traspoñer a mencionada Directiva; obra de enteira actualidade se tomamos en consideración o notable atraso no que España está a incorrer para a súa transposición. En efecto, os capítulos III a VIII da obra anotada abordan: o ámbito subxectivo de aplicación da norma (capítulo III); a información sobre os elementos esenciais da relación laboral (capítulo IV); a necesaria adaptación da duración do período de proba (capítulo V), a interrogante sobre unha reforma da regulación sobre tempo de traballo (capítulo VI), a necesidade de acomodar algunhas das nosas disposicións internas á prohibición dun trato desfavorable polo exercicio dun emprego paralelo ou a transición cara a formas de emprego por tempo indefinido ou en materia formativa (capítulo VII) para, finalmente, estudar a sempre imprescindible materia sobre a tutela que garanta o exercicio dos dereitos contidos na Directiva (capítulo VIII). Ademais, dos capítulos mencionados, a obra conta cunha introdución, de lectura forzosa para entender o contexto no cal a Directiva 2019/1152 se adopta, a súa estrutura e o papel ao que están chamados os interlocutores sociais para a súa posta en práctica. Xunto con esta introdución, a monografía iníciase cos dous primeiros capítulos, nos que, por unha banda, o autor analiza o percorrido dende a adopción do antecedente

normativo á Directiva 2019/1152, isto é, a Directiva 91/533/CEE ata a culminación daquela (Capítulo I) e, por outra, reflexiónase sobre o tipo de norma ou normas empregadas para traspoñer as Directivas da UE á nosa regulación interna para fixar cal sería a máis adecuada neste caso (Capítulo II).

De entre todos os aspectos que o Prof. Miranda Boto analiza nesta magnífica obra, considero necesario destacar aqueles (expresos e/ou implícitos) que fan que esta monografía non só sexa útil para que o noso lexislador se inspire nela para cumprir coa transposición da Directiva, senón para que calquera que queira coñecer e profundar no Dereito social da Unión Europea (do que o autor –como se avanzou– é un auténtico experto), o faga. Na miña opinión, a grandeza deste traballo non está unicamente, como xa se sinalou, en que o Prof. Miranda Boto é a persoa que atesoura os maiores coñecementos a nivel estatal para “axudar” o Goberno na transposición desta Directiva do ano 2019 [“Que mesmo debería ser contratado polo Goberno para realizar o informe de transposición”, afirma (e coincide) o Prof. Martínez Girón na recensión publicada recentemente no *Anuario Coruñés de derecho comparado del trabajo* vol. XIV, 2023]; senón para destacar que para poder realizar unha obra de semellante profundidade é imprescindible non só ser un erudito en Dereito social da Unión Europea, senón tamén ter un vasto e detallado coñecemento do noso dereito interno. E realizo esta afirmación porque, en ocasións, adóitase confundir a mestría e o coñecemento das fontes internacionais da nosa disciplina cun certo desapego ou afastamento con respecto ao noso dereito interno; cando, en realidade, sen unha viaxe de ida e volta entre ambas as esferas, o xurista de Dereito do Traballo e da Seguridade Social atoparíase desprovisto do necesario enfoque integral que a nosa disciplina require no século XXI. E isto non é o que lle ocorre ao Prof. Miranda Boto porque, ademais de abordar como han de reformarse, por exemplo e, entre outras normas, os artigos 4.2, 8, 12, 14, 15, 16, 23, 34 Estatuto dos traballadores etc. por citar algunhas disposicións da norma estatutaria que eventualmente deberían quedar, nalgúns dos seus apartados, afectados pola transposición da Directiva; encárgase de dar leccións

maxistrais sobre outras cuestións que demostran os coñecementos panorámicos que hai que ter para afrontar unha obra destas características. Claro exemplo diso é o capítulo II, onde o autor –nunha clara exhibición do dominio que ten sobre a materia-, percorre o papel e rol que seguiu o lexislador español con respecto á transposición das Directivas nos últimos 23 anos e que o propio profesor Miranda Boto cualifica de “arriscada” ante a infra-utilización da Lei a eses efectos e quizais, o abuso, ao meu xuízo (aínda que o avale o Consello de Estado), do Decreto-lei como fórmula de transposición ante as ameazas de sanción polo atraso na transposición das Directivas. A mesma idea de dominio preside o Capítulo V, relativo ao período de proba e o reto, en palabras do autor, de que na transposición sobreviva o inciso “en defecto de pacto en convenio” contido no art. 14 ET ou o Capítulo VIII, relativo á tutela dos dereitos contidos na Directiva, onde a Directiva 2019/1152 intégrase no conxunto de Directivas recentes que incorporan medidas e mecanismos de defensa dos citados dereitos, incorporando –ademais- a técnica da presunción; mecanismo que se contaxia aos dereitos nacionais.

En esencia, trátase dun libro completísimo para aqueles que desexen estudar e analizar o contido da Directiva sobre transparencia e previsibilidade nas condicións de traballo e as posibilidades de transposición ao noso dereito interno, pero tamén para quen desexa profundar –máis amplamente- no Dereito da Unión Europea a propósito da materia examinada. Non podo finalizar esta recensión sen advertir aos futuros lectores desta obra que esta se inicia cun prólogo nada desdeñable asinado polo Prof. Gárate Castro, que distingue na doutrina laboralista entre quen se deixa seducir por estilos musicais lixeiros, tales como o reguetón e, quen, como o profesor Miranda Boto, representa o mellor da música clásica. Alíñome coas palabras do Prof. Gárate para sinalar que, tal e como comezaba estas liñas, compoñer unha variación non é tarefa sinxela, sobre todo cando neste caso, o fondo das variacións é harmónico, isto é, as melodías poden variar, pero subxace sempre un tema constante. Para que as melodías cambien é necesario que o músico-autor sexa capaz de elevar o xénero das variacións a un nivel artístico superior.

E isto é o que fai o Prof. Miranda Boto neste traballo. Boa lectura.

OLGA FOTINOPOULOU BASURKO
Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibersitatea
olga.fotinopulus@ehu.eus